



/:Veleí vén o ghaiteiro
por detrás do pinar:/
/:ast'ós pinos ll'axudan
ó roncón a roncar:/

/:Xa me compraban a ghaita
e nona quixen vender:/
/:porqu'a ghaita que teño
éche da miña muller:/

Non a vendas marido,
non a vendas, por Dios,
/:que la ghaita que tienes
la tocamos los dos:/

- As cántighas todas levan picardía, case todas levan picardía.
- Xa sei. (...) Sempre se canta coa mesma música?
- Sí, coa mesma música. Esta pódese cantar con esta música tamén. Veña, que aínda habemos cantar unha cántigha con esta música. Seghimos con esta música?
- Sí.